




Somos Costa da Morte →



Teléfonos de Interese

Casa do Concello	981 744 001
Centro Médico	981 744 129
Farmacia (Dumbria)	981 706 680
Farmacia (Ézaro)	981 712 665
Hospital Cee	981 706 010
Garda Civil	981 745 424
Protección Civil	981 744 001

www.dumbria.com

CIR

o cir >

O **Centro de Interpretación de Rutas (CIR) Monte Pindo e Fervenza do Ézaro**, situado aos pés da Praia do **Ézaro** é un edificio de pedra reformado para dar a coñecer dunha forma lúdica estes dous fitos da natureza. Nel descubrirás as lendas, a historia, as personaxes, a flora e a fauna, a xeoloxía, curiosidades e moito máis. O CIR é unha parada obrigatoria para os namorados do Monte Pindo; agárdate unha experiencia con audiovisuais, paneis interactivos e toda a información que precisas sobre estas rutas.

o monte pindo >

O Monte Pindo situado aos pés do océano Atlántico e en pleno corazón da **Costa da Morte**, érguese ata os **627 m** e a súa cota máxima está a escasos **2 km** do mar xerando unha paisaxe única e singular. Esta mole granítica destaca polo espectacular modelado do seu relevo, pola tonalidade rosácea das súas pedras e polas innumerables formacións **antropomorfas** e **zoomorfas**, sendo o lugar de Galicia onde se poden contemplar máis formacións deste tipo. Ademais está recoñecido como **Punto de Interese Xeolóxico de Importancia Nacional**.



A historia xeolóxica do Monte Pindo comeza hai uns **380 millones** de anos, cara a final do Devónico. Durante a súa viaxe no tempo dará lugar a unha infinidade de macroformas graníticas que xeran paisaxes surrealistas, as máis significativas son: as **domos rochosas**, os **relevo en forma de castelos** ou **tors**, as **pedras cabaleiras** e os **pedregais**. O seu punto máis elevado é **A Moa**, unha impresionante domo con forma de cúpula que **ten máis de 200 pias**, e está considerada como un resto da denominada **Superficie Fundamental de Galicia**, que se formou hai uns 60 Ma.

historia >

Os **primeiros habitantes do Monte Pindo**. O descubrimento dun xacemento arqueolóxico sitúa ao home prehistórico no Monte Pindo. No interior dunha cova apareceron uns restos cerámicos datados na primeira metade do IIº milenio a.C., pertencentes á cultura do vaso campaniforme.



O Olimpo Celta.

No acervo popular está instalada a crenza de que o Monte Pindo foi morada dous deuses dos pobos antigos. Dise que as **Tribos Celtas** celebraban os seus **rituais de adoración aos elementos** e honraban aos seus deuses na Moa, ese máxico lugar inspirador de respecto e admiración.

As **Murallas**. No cumio do Monte Pindo sobreviven parte dunhas murallas que parecen clausurar os pasos, convertendo á Moa nun gran recinto fortificado e dificilmente accesible. Algunhas hipóteses apuntan que podería tratarse **dun oppidum**; **construcións defensivas dos séculos IV-VI**, que tiñan a función de refuxio e control das vías marítimas e terrestres.

O **Castelo de San Xurxo**. Asentado sobre os afloramentos graníticos do **"Pedrullo"**, o Castelo de San Xurxo formaba parte da rede de castelos costeiros que mandou levantar o **bispo Sisnando II no s.X**, para defender e controlar a costa fronte os ataques marítimos dos **viquingos e sarracenos**.



O **Castelo de Peñafiel**. Segundo fontes da época, no pico Peñafiel houbo unha antiga construción; un castelo que foi destruído polos **Irmandiños**. A súa orixe é incerta, pero xa aparece en varios documentos medievais e nas inmediacións hai unha **excomunión medieval** labrada na pedra.

A **Guerra Civil**. Durante a Guerra Civil e a represión franquista moitos foron os que acudiron a refuxiarse nas covas do Monte Pindo. Houbo homes do Pindo, do Ézaro, do Fieiro e doutras aldeas que ligaron o seu destino ao abrigo desta pedra, baixo o amparo do Olimpo Celta. É a historia dun **pobo ligado a unha montaña, que lles deu protección nos tempos máis difíciles**.



lendas >



Cova da Xoana. Esta cova de orixe estrutural é de difícil acceso. Atravesa de lado a lado a montaña e é unha das formacións xeolóxicas que lle confiren a este macizo esa natureza misteriosa xeradora de lendas. Din que foi morada de meigas e que na noite de San Xoán xuntábanse arredor da fogueira para celebrar os seus ritos. Outros contan que esta cova foi un forno crematorio, onde os antigos poboadores do Monte Pindo incineraban os cadáveres dos seus semellantes.

A **Raiña Lupa**. Esta mítica raíña galega cuxa lenda está vinculada á do Apóstolo Santiago, aparece relatada no **Códice Calixtino**. A tradición popular conta que habitaba un castelo no Monte Pindo, o de San Xurxo. Dise que trala súa morte foi enterrada xunto ás murallas deste castelo. Outros afirman que foi sepultada baixo a "Laxe da Moa" con 7 millóns de ouro, e que os "Guerreiros de Pedra" defenden os camiños de acceso a este rexio sepulcro.

Antigos rituais de curación. Na "Laxe de Abaixo", cerca da Moa, levábase a cabo un ritual de curación. Contan que tendían os corpos dos enfermos sobre a herba e trazaban a súa silueta, despois levantaban os terróns sobre os que estivera o enfermo e puñanos ao sol sobre as pedras e que segundo ían secando produciase a curación.

A **Cama da Fertilidade**. No pico máis alto de Peñafiel hai unha **cama de pedra**, onde acudían as parellas estériles "a deitarse" para teren descendencia.

flora e fauna >



Este espazo natural está incluído no **LIC Carnota-Monte Pindo da Rede Natura 2000**, pola súa diversidade e o valor ecolóxico das especies que alberga. Nel conviven unha serie de **"hábitats naturais de interese comunitario"** protexidos pola **Directiva de Hábitats da Unión Europea**, por estaren ameazados ou en perigo. Tamén hai varias especies endémicas como o *Quercus Lusitanica* "**roble anano**", *Isoetes fluitans* "**Fento de Auga**" ou *Iris boissieri* "**Lirio de monte**" todas elas en perigo de extinción.

A **vexetación** está formada por un bosque mixto de pinos, carballos, loureiros, bidueiros, chopos negros e acivros, que conviven con matogueiras e toxeiros, ademais de moitas especies de feitas e flores silvestres.

En canto á **fauna**; especies de invertebrados, anfibios e réptiles, aves como o **Bufo Pequeno**, o **Falcón Peregrino** o ou o **Miñato Queimado** e mamíferos como a **Londra**, o **Gato Montés**, o **Morcego Grande de Ferradura** ou o **Lobo Ibérico** (que podería estar presente neste entorno), que en equilibrio coa flora forman un ecosistema único pola súa biodiversidade e a súa vulnerabilidade, que é necesario protexer.




fervenza do Ézaro >



O río Xallas atravesa de norte a sur o Concello de Dumbria ata desembocar en forma de fervenza directamente sobre o océano Atlántico. É o **único río de Europa** que desemboca desta maneira sobre o mar.

Antes de saltar ao mar, no seu último tramo o río descende encaixado e forma gran cantidade de fervenzas e as chamadas **Pias ou Caldeiras**, que son cavidades naturais construídas ao longo dos séculos polo río, bañadas por transparentes augas de cor turquesa. No último tramo o río ten un desnivel de 155 metros e a **altura da fervenza é de 40 metros**.

A Fervenza do Ézaro está repleta de lendas; **desamores de princesas, poderes sobrenaturais, encantamentos, ritos**,... César Antonio Molina, no seu libro **"Viaje a la Costa da Morte"** fai referencia á existencia dun estaleiro no estuario do Ézaro, onde os invasores **viquingos** construían e reparaban as súas naves.



miradoiro do Ézaro >

A **260 m** sobre o nivel do mar, despois dunha ardua subida ao **Miradoiro do Ézaro** agárdate, para compensarte, unha das panorámicas máis fermosas de Galicia. Poderás contemplar a desembocadura do **río Ézaro**, o **Cabo Fisterra**, as **Illas Lobeiras** e o **Monte Pindo**; todo un espectáculo da natureza que emociona. Ademais, este emblemático miradoiro coa súa rampla de acceso cuxo desnivel roza o **30 %** convérteo en destino de importantes probas ciclistas como: **La Vuelta Ciclista España** e o **Gran Fondo Ézaro**.



"o xigante da mina" >

Esta formación **antropomorfa** que parece unha gran escultura prehistórica é unhas das máis emblemáticas do Monte Pindo. Emprázase no **Chan de Lourenzo**, unha planicie a 400m sobre o nivel do mar, onde houbo unha antiga explotación de volframio.



pedras máxicas >

No Monte Pindo e na Fervenza do Ézaro as pedras cobran vida. Sentirás cómo che observan seres extraños, xigantes que vixían os pasos, **animais mitolóxicos** cambiarán de forma mentres os miras e, as luces e sombras, xogarán coa pedra deste Gran Coloso, facendo que a imaxinación sexa quen dea forma á materia.



RUTA FERVENZA E MIRADOIRO DO ÉZARO

R1

> Lonxitude do trazado	4.250 m (+/-)
> Pendente media	17 %
> Cota de inicio	20 msnm
> Cota de fin	260 msnm
> Desnivel	240 m
> Dificultade	Media
> Duración	2:00 h (ida)

Ruta para coñecer a vila do Ézaro, a súa máxica **Fervenza** e o seu mítico miradoiro. Penetramos no seu monte para deleitarnos con múltiples muíños, como o **“Muíño de Louredo”**, magnificamente reconstruído. Xa na costa, teremos a oportunidade de gozar da hipnotizadora desembocadura do Río Xallas e a súa Fervenza. E, como final da ruta, poderemos contemplar unha impresionante posta de sol no miradoiro do Atlántico, o **“Miradoiro do Ézaro”**.



RUTA PEGADAS DA HISTORIA

R2

> Lonxitude do trazado	3.900 m (+/-)
> Pendente media	7 %
> Cota de inicio	290 msnm
> Cota de fin	628 msnm
> Desnivel	338 m
> Dificultade	Baixa / Media
> Duración	1:30 h (ida)

Esta é a ruta máis fácil para ascender á Moa. Transcorre, en todo momento, pola cara leste do macizo, polo que ao chegar ao cumo a visión do océano é repentina e sorprendente. Ao igual que a **Ruta 3**, comezamos na aldea do Fieiro e ascendemos por unha pista forestal ata entrar no monte por sendeiros empedrados. Seguindo coa ascensión chegase ao **“Alto das Cortes”**, onde poderemos contemplar unha imaxe panorámica da Praia de Carnota. Proseguimos atravesando os restos das antigas murallas e a zona de pasto de cabalos salvaxes xa próximos á cima.



RUTA CASTELO DE PEÑAFIEL

R3

> Lonxitude do trazado	4.500 m (+/-)
> Pendente media	10 %
> Cota de inicio	290 msnm
> Cota de fin	628 msnm
> Desnivel	338 m
> Dificultade	Alta
> Duración	2:30 h (ida)

Comezamos na aldea do **Fieiro** e descendemos por unha pista forestal ata entrar no monte por sendeiros empedrados. Ascendemos ata a base do pico Peñafiel, onde se alzaba o **“Castelo de Peñafiel”**. No seu cumo atópase **“a cama da fertilidade”**, onde acudían os matrimonios estériles para teren descendencia. Nunha desviación da ruta atópase unha das formacións naturais máis colosais, **“A Cova da Xoana”**, empregada no seu día como crematorio. Seguimos a ascensión ata unir coa **Ruta 4** na base da Moa.



RUTA DAS OLLADAS Ó ATLÁNTICO

R4

> Lonxitude do trazado	4.100 m (+/-)
> Pendente media	14 %
> Cota de inicio	5 msnm
> Cota de fin	628 msnm
> Desnivel	623 m
> Dificultade	Media / Alta
> Duración	2 h (ida)

Comeza na praza da igrexa do **Pindo**. Ao pouco de comezar atoparemos numerosos muíños de auga e unha cova que foi o refuxio dos escapados da Guerra Civil. Seguimos ata **“O Pedrullo”**, onde se poden observar os restos das murallas que circundaban a antiga construción primitiva. Proseguimos ata chegar ao **“Chan de Lourenzo”**, espazo aberto onde se atopa **“O Xigante do Chan de Lourenzo”** e o que queda dunha explotación de volframio. Dende este lugar poderemos divisar o cumo de **“A Moa”**.



RUTA CAMIÑO DO CASTELO DO PEDRULLO

R5

> Lonxitude do trazado	6.900 m (+/-)
> Pendente media	12 %
> Cota de inicio	15 msnm
> Cota de fin	628 msnm
> Desnivel	613 m
> Dificultade	Media / Alta
> Duración	2: 30 h (ida)

Comezaremos o itinerario que nos guiará ata **“A Moa”** dende a pintoresca aldea de Vadebois, onde ten lugar a peculiar **“Ruta dos Muíños”** e onde se observa o **“Muíño da Ponte”**. Atravesamos por Chan das Lamas dende onde podemos contemplar a gran magnitude do Monte Pindo. Seguindo a sinalización existente chegamos a **“O Pedrullo”**, aquí enlazamos coa **Ruta 4** e o camiño comeza a ser máis duro e ascendente.

